



## **DEN 2021**

**Discurso da portavoz nacional, Ana Pontón.**

**Este texto pode sufrir cambios durante a intervención.**

Este é o primeiro debate do estado da nación desde que a pandemia marcou un antes e un despois nas nosas vidas. Todo, desde o máis grande ao máis pequeno, quedou trastocado polo virus.

A COVID puxo en evidencia a nosa debilidade e vulnerabilidade, e non debemos esquecerlo nun tempo que invita a actuar desde a humildade e poñendo luces longas para pensar o futuro.

Foron meses de sufrimento, de angustia, de perdas no persoal e no colectivo. Pero tamén foron meses nos que a cidadanía demostrou a súa coraxe, xenerosidade e capacidade para saír adiante nos momentos máis duros.

Por iso, señor Feijóo, resulta doloroso que, unha vez máis, veña a esta Cámara a presumir da cifra de falecementos pola pandemia en Galiza. E tamén causa vergoña allea que utilice este debate para atribuírse un mérito que non lle corresponde.

Sabe quen merece todo o mérito, señor Feijóo? Os galegos e as galegas, incluída a mocidade á que tentou culpar para tapar os seus erros.

O mérito é da xente traballadora: dos milleiros de persoas que estiveron a pé de obra sen desfalecer; moitas delas mulleres precarizadas.

O mérito é dos e das profesionais da sanidade pública, cunha entrega total, mesmo arriscando a súa saúde para coidar da nosa.

O mérito é do persoal de enfermería e de persoal de apoio que fixo posible a vacinación masiva e superou o caos da súa improvisación.

O mérito é do sector da hostalería, da cultura e de tantos outros, que asumiron o peche do seu medio de vida, mentres esperaban por unhas axudas tardías e insuficientes. Como se atreve a mentir dicindo que foron os primeiros en poñer axudas cando estiveron á cola?

O mérito é do persoal educativo que, sen apenas medios, logrou sacar adiante o curso escolar e a formación dos nosos nenos e nenas.

O mérito é das familias, que fixeron malabarismos para conciliar, en particular as mulleres, moitas veces sen máis alternativa que ter un ollo no ordenador e outro nos fillos e fillas.

O mérito é do conxunto dos galegos e das galegas que arrimaron o ombro para saír adiante, mesmo quen soportou situacións persoais moi dolorosas.

Nunca me escoitaría a min dicir que era fácil xestionar unha pandemia. Nunca. E por iso non podo pasarlle por alto que veña aquí a colgarse medallas que non lle corresponden.

Porque todas temos ben presente o seu “salvemos o nadal”; temos presente o seu empeño en botar balóns fora, temos presente o que pasou nas residencias, temos presente a súa utilización propagandística da crise e temos presente que o seu goberno, -igual que o Goberno do Estado-, foi sempre detrás do virus.

Señor Feijóo non se empeñe en borrar os seus erros con propaganda. Aprenda as leccións que deixa a pandemia e actúe en consecuencia.

Aprenda que a sanidade pública salva vidas e reverta doce anos de recortes e de privatizacións. De verdade pensa que o que están esperando os e as profesionais da sanidade, literalmente ao límite das súas forzas, é un monumento? Non, o que esperan é que vostede convoque as 6.000 prazas vacantes no SERGAS.

Aprenda que a atención primaria é o corazón do sistema e deixe de desmantela. Como pode mentir con ese descaro cando o seu Goberno é o cuarto que menos inviste en atención primaria de todo o Estado? Devólvalle á cidadanía o dereito ás consultas presenciais en tempo e forma.

Aprenda que o coidado dos maiores non pode seguir nas mans nin de ordes relixiosas nin de fondos de investimento que fan negocio coa vellez. Hai que avanzar nun modelo de xestión pública. Nunha Galiza envellecida, en doce anos non puxo en marcha nin unha soa residencia pública. Nin unha. Non lle cae a cara de vergoña?

Aprenda que Galiza non pode depender do mercado asiático. Temos que producir aquí, apostar por un sector industrial forte, que xere riqueza e emprego e que nos permite ter o control da nosa produción.

Estas son, señor Feijóo, leccións que nos deixa a pandemia. Responder con propaganda e con vellas receitas fracasadas é un exercicio inútil para Galiza.

Estamos nun momento de grandes cambios e transformación. Moitos dos desafíos que temos por diante non nacen hoxe, mais si se aceleraron pola

pandemia que deixou en evidencia un modelo esgotado que nos obriga a construír o futuro sobre novas bases.

E neste momento de cambios e transformacións necesitamos máis que nunca **pensar Galiza en grande**.

A política leva demasiado tempo desvirtuada, sen dar solucións xustas para as maiorías sociais. Hai que recuperar o verdadeiro significado da política: esa que fai posíbel o necesario. E se algo é necesario neste momento é superar o curtopracismo e **pensar Galiza en grande**.

Non podo ocultar a preocupación que sinto cando vexo ao presidente do meu País reducindo Galiza a un simple satélite de Madrid. Galiza non é un slogan electoral. Galiza non é un arma do pim-pam-pum bipartidista. Somos unha nación con historia pero, sobre todo, unha nación que ten que mirar ao futuro.

Cando miro Galiza vexo un gran País. Con riqueza, con recursos, con talento, con sectores económicos de gran potencial e con xente creativa e traballadora.

E por iso, a pregunta do millón é:

Por que estamos quedando atrás?, por que perdemos poboación?, por que emigra á xente nova?, por que se fuga o noso talento? por que estamos nunha crise industrial perpetua? Señor Feijóo, se temos todo para avanzar, por que retrocedemos?

Non hai unha única causa, pero si un elemento determinante que explica este declive: un goberno sen ambición e sen proxecto de País. O seu goberno, señor Feijóo.

Leva 12 anos improvisando e nesta crise víronse as costuras. Nun momento decisivo que vai marcar a Galiza das próximas décadas non se pode improvisar. Señor Feijóo, vostede pensa Galiza en pequeno, xusto cando máis necesitamos un goberno que pense Galiza en grande.

É un freo para Galiza, o presidente do veto a todo o que signifique a defensa de Galiza: veto a tarifa eléctrica galega, veto a usar os recursos do País para crear emprego e riqueza aquí, veto a un sistema de financiamento para ter a chave dos nosos cartos, veto a reforzar atención primaria, veto a un pacto pola ciencia, veto a un sistema de residencias públicas, veto a máis competencias.

Vostede só lle di si, a Casado, ao centralismo e aos *lobbys* económicos amigos do PP.

E ser o presidente dos vetos ten consecuencias: condúcenos á irrelevancia política e fai Galiza máis pequena.

### **Fai Galiza máis pequena na industria**

Nestes anos non houbo nin unha soa empresa en crise que o seu goberno fose capaz de salvar. Nin unha. Todas a pique! Pero si nin sequera é capaz de dar un paso adiante para que a Xunta participe na intervención de ALCOA! E se quere realmente salvar Vestas, vincule os novos parques eólicos á permanencia da empresa.

Deixa como balance de 14.700 empregos destruídos na industria.

O índice de produción industrial é inferior o de fai doce anos e perdemos competitividade. Con este panorama, é normal que teñamos nas rúas a miles de traballadores e traballadoras reclamando solucións. Solucións para Alcoa, para Vestas, para Vulcano, para Barreras, para As Pontes. Deixe de buscar culpables e aporte solucións. Que as hai!

### **Fai Galiza máis pequena en innovación**

En 2019 o investimento en I+D+i foi o 0.97%, inferior o 1,04% de 2008, mais baixo que a media estatal e a unha distancia sideral da media europea, que se sitúa no 2,2%. Este dato explica porqué co seu goberno desapareceron a metade das empresas innovadoras e porqué o talento tamén emigra.

Fai escasos días, líamos un titular moi elocuente: “Perdemos medio millón de euros en cada investigador/a que se vai ao estranxeiro”. A fuga de talento é un drama para o País.

### **Fai Galiza máis pequena nos sectores produtivos**

En 2008 había 13.349 explotacións lácteas. Sabe cantas hai hoxe? 6.768. É dicir, pecharon a metade e perdéronse 17.400 empregos. O sector pesqueiro ten menos cotas, sae tocado do Brexit e isto tradúcese na perda de 6.200 postos de traballo. Xusto cando a nivel mundial se debate como lograr a soberanía alimentaria, vostede achica o noso sector agrario e pesqueiro. É vostede un visionario!

E con este balance fala da súa preocupación polo rural, pero se o está desmantelando con falta de servizos.

### **Fai Galiza máis pequena nos servizos públicos**

En educación: pechou 138 centros de ensino público. Un de cada dez. Recortou un 4,5% do profesorado na pública, mentres incrementou un 5,5% o profesorado na privada. E ao ensino superior non lle vai mellor, porque desde a súa chegada as universidades acumulan un recorte de 826M€, arrastrando un déficit crónico que non quere corrixir.

E mentres recorta na pública, apadriña unha universidade privada para ricos impulsada por un banco, ao que previamente se lle permitiu dar un *pelotazo* coas caixas de aforro.

En sanidade, leva máis dunha década de recortes e privatizacións, especialmente evidente en atención primaria que está ao borde do colapso. Os profesionais están exhaustos porque o seu Goberno converteu en práctica habitual non cubrir as baixas, nin as xubilacións, nin as vacacións. E así, por primeira vez na historia, vemos lista de espera que chegaron até as tres semanas para ter cita coa médica de cabeceira.

Señor Feijóo, non faltan profesionais, simplemente escapan da súa precariedade ou dimíten en bloque como fixeron os xefes e as xefas de servizo de Vigo. Convoque as 6.000 prazas vacantes no Sergas, poña fin á precariedade e a caótica xestión que ten en atención primaria.

É o colmo que presuma do seu apoio aos hospitais comarcais. Dígallo a *Verín non se pecha*; dígallo á veciñanza da Mariña que agora ten que ir a Lugo para cambiar a pila do marcapasos, dígallo á veciñanza de Valdeorras, despois de que suprimiran os servizos de uroloxía, cardioloxía, dermatoloxía ou de medicina preventiva.

E que dicir do coidado das persoas maiores despois de todo o drama vivido nas residencias? Señor Feijóo, se hai algún asunto no que a súa propaganda sobra, ese é o coidado dos nosos maiores.

“Avances tecnolóxicos nas residencias” queda moi ben na nota de prensa oficial, pero iso non vale de nada cando temos un sistema absolutamente privatizado. O 85% das residencias son privadas ou de xestión privada, o seu obxectivo é facer negocio coa vellez, e iso non se soluciona con notas de prensa.

Hai que ir a un modelo de xestión pública, empezando por recuperar as concesións a medida que venzan, apostando pola xestión directa de todas as novas residencias. As nosas persoas maiores merecen a unha vellez digna. Debémollos!

### **Fai Galiza máis pequena no financeiro**

ABANCA custounos 9.000 millóns de euros. E cal é a situación hoxe? Pecharon máis da metade das oficinas bancarias, destruíronse 5.000 empregos, xurde a exclusión financeira, hai miles de persoas que nin tan sequera teñen un caixeiro para acceder ao seu diñeiro e aumenta o espolio do noso aforro: máis de 27.000 M€ invístese fóra en vez de usarse para financiar a creación de empresas e de emprego aquí.

### **Fai máis pequena a nosa lingua e cultura**

Para empezar, confunde cultura con enterrar cartos no Gaiás e non aproveita o Xacobeo para darlle impulso aos nosos creadores e creadoras. O galego segue en retroceso, sendo a única lingua do estado que perde falantes, sobre todo, entre a xente nova. E vostede é o responsábel. Non llo digo eu, dillo a Real Academia Galega. O decreto da vergoña está sendo letal para o noso idioma

### **Fai Galiza máis pequena en igualdade social**

Aumentan os galegos e as galegas en risco de pobreza, xa son máis de 600.000 e no último ano a pobreza severa medrou un 20%. Hai un realidade que me preocupa especialmente: temos o maior número de pensionistas en pobreza severa de todo o Estado, 170.000, a maioría mulleres. E con esta realidade o seu partido vota en contra de mellorar as pensións. Tanto lle parece ao PP que as pensións das galegas e dos galegos suban o IPC?

### **Fai Galiza máis pequena porque cada vez somos menos**

Esta mañá deu uns datos demográficos que vostede mesmo cualificou de demoledores. Estou de acordo. Pero a cuestión é que o PP leva trinta anos gobernando Galiza e vostede doce anos. Polo tanto, a crise demográfica é o retrato do fracaso do PP e da súa incapacidade para darnos un futuro digno.

As súas política natalistas son un fiasco porque non son máis que colocar unha tiritita na sangría da emigración que levou a coller as maletas a 200.000 mozos e mozas.

**En resume, señor Feijóo: fai Galiza máis pequena en poboación, en industria, nos sectores produtivos, nos servizos públicos, máis pequena na lingua, na cultura e mais pequena en igualdade social.**

Pero hai algo que si fixo máis grande. En concreto tres veces máis grande: a débeda. Triplicou a débeda pública que está no seu máximo histórico con 14.515 millóns de euros, o equivalente ao 19,2% do PIB.

E pregúntome en que gastou todos estes millóns de euros? Porque vaia herdanza lle deixa á xente moza. Unha mocidade imprescindible para construír a Galiza do futuro, pero que emigra ante a falta de oportunidades. Desde que chegou á Xunta perdemos 218.000 persoas entre 16 e 34 anos. Unha auténtica desfeita demográfica.

“Non me propoño regresar nun futuro próximo”; “Aquí podo vivir do meu salario, pagar a hipoteca e aforrar”; “Nin con dous salarios podía acceder a unha vivenda e formar unha familia”; “Traballo o mesmo, pero teño unha calidade de vida que nunca tiven”. “Oxalá puidera volver, pero tal e como está o panorama pinta

mal"...Estas son, testemuñas da xente moza emigrada, a prensa galega está chea delas.

É vostede o responsable dunha xigantesca onda migratoria da mocidade, desde a xeración *milenial* á xeración Z, mocidade preparada que escapa da precariedade e dos baixos salarios. En definitiva, unha xuventude estafada por un Goberno que non lle dá unha oportunidade.

Cando foi a última vez que presentou algún tipo de iniciativa real a favor da mocidade? Onde está o seu plan de emprego para a xente moza? Onde os plans formativos para un mercado laboral dixitalizado, cada vez máis técnico e cambiante? Onde as políticas de vivenda que faciliten a emancipación da xente nova? Sabe cantas vivenda protexidas entregou en 2019? Catro, señor Feijóo, catro. Como non imos ter a taxa de emancipación máis baixa de todo o Estado!

Fai moito tempo que lle dou as costas á mocidade, e por iso a mocidade lle está dando as costas a vostede.

Señor Feijóo, Galiza precisa un presidente que confíe no País. **Porque aínda que vostede pense en pequeno, Galiza é grande.**

Somos un gran País, con riqueza, con potencial e con xente honesta e traballadora. E esta Galiza grande merece máis que un presidente que se move entre a submisión e a confrontación. Submisión e servilismo a Casado; confrontación estéril co Goberno de Sánchez, utilizando Galiza como arma partidista a favor dos intereses do PP e dos *lobbys* económicos amigos do PP.

Esta mañá pretendeu darnos unha lección de moderación, xusto cando estamos ante o Partido Popular máis ultra da historia, como quedou claro nesa convención de rearme ideolóxico.

- É o PP que di que o importante non é votar en liberdade, senón votar ben.
- O PP que despreza o Estado das autonomías. Así que imaxinen o que pensan dun Estado plurinacional!
- O PP que defende unha España monolítica e monárquica, cunha Casa Real corrupta.
- O PP que ten como referentes ideolóxicos a políticos condenados por corrupción.
- O PP que nega a nosa lingua porque non acepta o plurilingüismo.

En definitiva, un PP profundamente antigalego, porque cuestiona o noso autogoberno, o noso idioma e aposta por un centralismo letal para Galiza. **O PP máis ultra, máis centralista e máis antigalego que vostede abraza.**

Porque hai que admitir que foi un adiantado nese camiño ultra que agora recorren sen complexos: Foi pioneiro no ataque ao galego; recortou axudas a

vítimas de violencia machista, ten o triste *récord* de ser o único presidente que non conseguiu unha soa transferencia en doce anos, foi un avanzado no control dos medios de comunicación públicos e foi un adiantado na estratexia de anular o Parlamento a través da bronca, da mentira e da crispación.

Os feitos falan por vostede. Porque en política, como na vida, hai que posicionarse e a súa acción de goberno deixa moi claro de que lado está: do lado dos lobbys económicos amigos do PP.

*Lobbys* económicos privados ou privatizados, pero xenerosamente regados con recursos públicos. Que para iso teñen as portas xiratorias.

E co prezo da luz a 300 euros MW/h, unha estafa en toda regra para as familias e as empresas, é pertinente recordar algúns dos nomes que cruzaron esas portas xiratorias, nunha lista que encabezan, por méritos propios, os expresidentes González e Aznar.

Pero hai moitos máis ilustres: Fátima Báñez (Iberdrola), Isabel García Tejerina (Iberdrola), Ana Palacios (Enagas), Angel Acebes (Iberdrola), Elena Salgado (Endesa), Gonzalo Solana (Enagás), José Folgado (Red Eléctrica), Josep Borrel (Abengoa), Luís Carlos Croissier (Repsol), Manuel Marín (Iberdrola), Pedro Solbes (Enel), Pio Cabanillas (Endesa), Luís María Atienza (Red Eléctrica), José Montilla (Enagás), José Blanco (Enagás), Isabel Tocino (ENCE, Enagás), Beatriz Corredor (Red Eléctrica), Cristina Garmendia (Naturgy), Arsenio Fernández de Mesa (Red Eléctrica), Ramón de Miguel (Iberdrola), Santiago Lanzuela (Red Eléctrica), Antonio Miguel Carmona (Iberdrola), Carlos del Álamo (ENCE), Beatriz Mato (Greenalia)...

Exministras, exministros, expresidentes do Congreso, un expresidente do Tribunal de Defensa da Competencia e até unha ex-conselleira do seu Goberno. Quizais en 2024 tamén aspira a cruzar unha desas portas xiratorias. Iso explicaría moitas das súas decisións.

Explicaría porqué veta unha tarifa eléctrica galega, a súa negativa a unha empresa pública de electricidade ou por que está en marcha un *boom* eólico depredador que non respecta nin o medio rural, nin o medio ambiente.

Até cando vai seguir abrazado ás eléctricas, señor Feijóo? Porque ese abrazo retrata a súa forma de gobernar, en contra da maioría social, mesmo en cuestión esenciais para a vida das persoas.

E esa forma de gobernar vémosla coas eléctricas. Pero tamén con ENCE, con AUDASA, con DOMUS Vi.



Aí está a pasteira, outro exemplo de como pon por diante os intereses dos *lobbys* económicos amigos. E ademais saltándose a lei cunha prórroga declarada ilegal pola Audiencia Nacional.

Agora ten que decidir se persiste nesa prórroga ilegal, arriscando os postos de traballo. Ou, por contra, se pon mans a obra para trasladar a fábrica e salvar o emprego. Escolla, ou está co consello de administración de ENCE ou está con Galiza.

E temos tamén o exemplo da AP9. Unha AP9 cuxas ampliacións das concesións foron declaradas ilegais pola Comisión Europea, o que significa que os galegos e as galegas pagaron 1.091 M€ en peaxes ilegais desde 2013. Non ten nada que dicir?

A última desas ampliacións por 25 anos foi un agasallo do señor Aznar, a quen tamén lle debemos a privatización da AP9, mentres vostede era o flamante conselleiro de Política Territorial.

Supoño que aquí segue sen ter nada que dicir. Supoño que aquí segue se ter nada que dicir, aparte de atribuírse o mérito das rebaixas das peaxes negociadas polo BNG. Hai que ter cara!

A AP9 é un exemplo de “*capitalismo de amiguetes*”, como tamén o é o caso de DOMUS Vi, principal xestora de residencias en Galiza, propiedade de fondos de investimento que operan desde paraísos fiscais.

En doce anos como presidente da Xunta non puxo en marcha nin unha soa residencia pública. Iso si, nada máis chegar ao Goberno privatizou o 49% de SOGASERSO e este ano drenará para o sector privado 74 millóns de euros, dos que *DOMUS Vi* se queda cunha parte substancial do pastel.

Como ve, sobran os exemplos de como goberna a favor dos *lobbys económicos* amigos do PP e en contra dos intereses de Galiza.

E moito me temo que cos fondos europeos *Next Generation* vai pasar o mesmo. Que quedarán en mans dun puñado de multinacionais, como as eléctricas que nos estafan, e será unha oportunidade perdida para os sectores produtivos, para as PEME, para os servizos públicos e para sentar as bases dun novo modelo económico.

Resulta moi revelador que oculte, ao Parlamento e á sociedade, a quen quere destinar eses fondos. Que ten que esconder?

En definitiva, señor Feijóo, **deixa unha Galiza máis pequena porque goberna para ser útil a Casado e ás elites económicas**. Urxe un cambio de rumbo, poñer Galiza por diante porque nos esperan debates de grande transcendencia.

Debates sobre como ganar autogoberno real e peso político, como conseguir un modelo de financiamento xusto, como poñer Galiza a producir, como afrontar o cambio climático, como darlle futuro á xente moza, como construír unha Galiza de iguais...

E para abordar estes debate é clave decidir aquí e poñer en cuestión o centralismo que serve para concentrar riqueza, recursos e poboación en Madrid mentres Galiza perde riqueza, recursos e poboación.

Hai que facer valer os intereses de Galiza. E para iso ten que deixar de pensar en pequeno para pensar Galiza en grande. E con este obxectivo, o de construír Galiza en grande, o BNG trae a este debate un **decálogo con obxectivos estratéxicos**.

### **Primeiro obxectivo estratéxico: autogoberno**

Necesitamos gañar máis peso político e máis capacidade para decidir sobre o noso. Non pode seguir freando o autogoberno galego e xa lle anuncio que imos traer a este debate unha dobre proposta.

1º. Poñer en marcha a comisión mixta para solicitar a transferencia de todas as competencias pendentes.

2º. Activar unha ponencia no Parlamento para poñer sobre a mesa un novo status político que nos recoñeza como o que somos: unha nación, onde as decisións relevantes estean en mans da cidadanía galega.

### **Segundo obxectivo estratéxico: financiar a recuperación**

Neste ámbito é fundamental ter a chave dos nosos cartos, porque sen autonomía financeira, non hai autonomía política. Estou segura que vostede prefire xestionar directamente o seu salario e non que llo administre un terceiro a 600km. Por que lle nega a Galiza o que quere para vostede? Este é un debate que hai que dar, e pídolle que a ideoloxía centralista non o cegue.

O actual modelo de financiamento leva caducado desde 2014 e é prexudicial para Galiza que aporta máis do que recibe. No último exercicio liquidado, 2018, as cifras son elocuentes. O estado recadou en Galiza 13.132 millóns de euros e recibimos polo sistema de financiamento 8.158 millóns de euros. É dicir aportamos 4.863 millóns de euros ao Estado.

É máis, o actual sistema de financiamento que asinou en 2009 fíxonos perder 9.000 millóns de euros. Así é como entende o autogoberno financeiro.

A proposta do BNG é clara: un **concerto económico**, como o que ten Euskadi ou Navarra, que nos dea a chave dos nosos cartos.

Son consciente de que o seu xefe de filas, o señor Casado, non lle vai permitir defender esta opción, así que polo menos defenda unha maior autonomía fiscal e financeira para Galiza. O BNG tamén ten propostas nesa liña:

- ampliar a porcentaxe de impostos cedidos até o 90%
- reclamar a cesión do imposto de sociedades
- que tributen aquí as empresas que teñen actividade produtiva aquí, Iberdrola, Naturgy Endesa e tantas outras deben pagar impostos aquí porque explotan os nosos recursos naturais.
- avanzar nunha fiscalidade verde

E para consensuar unha posición de país propóñolle neste Parlamento unha **Comisión de estudo para un novo modelo de financiamento**, porque a política fiscal e financeira non pode reducirse a anuncios de baixada de impostos que só benefician aos que máis teñen.

E neste segundo ámbito estratéxico, non podo deixar de referirme aos fondos *Next Generación*, que non son a panacea e que nos preocupa que traian na cara b novos recortes sociais, pero que serán os únicos fondos extraordinarios. E neste asunto, tampouco nada sabemos da súa proposta.

Por iso formulamos unha estratexia con catro puntos:

1. **Bilateralidade**, cunha comisión Xunta- Estado para reclamar 12.600M€ dos fondos europeos.
2. **Transparencia**, envíe ao Parlamento todos os proxectos remitidos a Madrid.
3. **Capilaridade**, para que os fondos cheguen ao tecido produtivo, ás PEMEs e aos servizos públicos.
4. **Codecisión** co Parlamento, para elixir os proxectos tractores e como se priorizan.

### **Terceiro obxectivo estratéxico: rescatar o sector industrial**

Para iso, hai que empezar por frear as deslocalizacións e os peches de empresas, rescatando sectores estratéxicos. E neste ámbito, impulsar un **Instituto Galego de Crédito** para dispoñer dunha ferramenta para actuar.

Hai que potenciar un tecido industrial de pequenas e medianas empresas orientadas á innovación, á creación de valor engadido e emprego de calidade en sectores estratéxicos como automoción, naval, aeroespacial, robótica, químico-farmacéutico, forestal, agroindustria ou mar-industria. Como? A través dun **Plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial**, co obxectivo de que **elevar o peso da industria até o 25% PIB en 2030**.

En relación ao sector industrial, a estafa da luz demostra a importancia do sector enerxético en termos sociais e económicos. Un asunto que merece un debate en profundidade e por iso propoñemos unha **Mesa para un pacto galego pola enerxía** que aborde:

- Como compensar a Galiza como produtora de electricidade
- Transición enerxética xusta.
- Centro de almacenamento de enerxía
- Novo modelo eólico que respecte o medio ambiente e rural, vinculado a proxectos industrias e con participación pública nos beneficio.
- Acabar cos beneficios caídos do ceo e recuperar concesións que caduquen a través dunha empresa pública de enerxía.

#### **Cuarto obxectivo estratéxico: Infraestruturas**

Non quero deixar de mencionar a AP-9 como un eixo vertebral do País e imos traer a proposta de **rescatar a concesión da AP-9 aproveitando a declaración da Comisión europea** e poñer fin as peaxes.

E en materia de mobilidade tamén propoñemos un plan para facer competitivos os nosos aeroportos e portos, empezando por reclamar que o Estado asuma a débeda do porto da Coruña, como fixo con Valencia. Tamén, impulsar o papel do Porto de Vigo como gran motor económico e o *Corredor Atlántico* de transporte de mercadorías. Entendendo que as relacións con Portugal son estratéxicas para Galiza desde o punto de vista económico. Pero vostede mira tanto para Madrid que non ve a potencia atlántica.

#### **Quinto obxectivo estratéxico: Reforzar os servizos públicos**

O máis urxente: sacar o sistema público de saúde da UCI. Isto pasa por reverter todos os recortes e todas as privatizacións. Por iso propoñemos un plan de choque de 200 millóns de euros en atención primaria, contratar máis persoal en todas as categorías e acadar o obxectivo de que atención primaria reciba o 25% do orzamento do Sergas nesta lexislatura.

En segundo lugar, deseñar un **Plan de saúde mental**, a gran esquecida do sistema porque até agora só temos anuncios repetidos, sen ter en conta que a segunda causa de falecemento na xente moza é o suicidio.

E anuncio que imos facer *casus belli* dun **novo modelo de residencias de xestión pública, que garanta o dereito a unha vellez digna**. Sabemos que non se consegue en dous días, pero para o BNG é un obxectivo irrenunciábel.

#### **Sexto obxectivo estratéxico: A ciencia e a investigación**

Temos que situarnos na vangarda da ciencia e da investigación e para iso propoñemos un **Pacto galego pola ciencia** que entre outras medidas inclúa máis recursos. No curto prazo, destinar o 3% do orzamento de 2022 a I+D+i; e no medio prazo, acadar un investimento equivalente ao 2,5% do PIB. Ademais, apostar pola retención e captación de talento a través do **INNOGAL**, porque sen científicas non hai ciencia, e sen ciencia non hai futuro.

#### **Sétimo obxectivo estratéxico: Emerxencia climática**

Entre as prioridades ten que figurar elaborar unha **Lei galega contra o cambio climático** desde o consenso e a participación de toda a sociedade. Unha lei que aborde cuestións como os incendios, a xestión de residuos, a axenda urbana, a preservación da biodiversidade, os espazos naturais ou a xestión da auga, que para nada ten que ver co *sablazo* ao recibo da auga que prepara o seu Goberno.

Na súa intervención fixo referencia ao despotismo ecolóxico. A min o que me preocupa é o despotismo eléctrico, ese polo que o seu amigo de Iberdrola se forra mentres Galiza paga os custes ambientais e a estafa da factura da luz.

#### **Oitavo obxectivo estratéxico: Avanzar nunha sociedade xusta, igual e libre de violencia machista**

Permítanme facer unha reflexión sobre a importancia de illar a quen difunde o discurso do odio, da intolerancia, da LGTBIFóbia, do machismo e do negacionismo da violencia contra as mulleres.

A mecha da intolerancia e do odio é moi fácil de prender, pero non é tan fácil de apagar. E todas temos na mente episodios trágicos como o asasinato de Samuel. Temos que construír unha sociedade na que ninguén se sinta discriminada, nin ameazada pola súas crenzas, sentimentos ou maneiras de amar.

Señor Feijóo pídolle que o PP se sume ao cordón sanitario contra a extrema dereita, en lugar de estar do lado dos que prenden esas mechas.

Na loita das mulleres pola igualdade queda moito por facer e precisamos ir máis rápido. Por iso seguiremos defendendo medidas contra a fenda salarial, políticas reais de conciliación e corresponsabilidade, como escolas infantís gratuítas. E, desde logo, propoñemos que se destine á loita contra a violencia machista o 1% dos orzamentos, 1€ de cada 100 señor Feijóo, a favor da igualdade e da liberdade das mulleres.

#### **Noveno obxectivo estratéxico: Lingua e cultura**

Hai que apostar pola nosa lingua e pola nosa cultura, por orgullo de País pero tamén como fonte de riqueza e de creación de emprego. Por iso propoñemos **destinar o 2% dos fondos Next Generation á cultura**, crear un instituto para a

súa internacionalización e promover a creación audiovisual, tanto no ámbito da ficción como na creación para o público infantil.

No referente á lingua, derrogar o *decreto da vergoña* e **devolver o galego ao ensino como lingua vehicular**. Hoxe a escola é unha máquina desgaleguizadora, son miles os pais e as nais que denuncian como os seus nenos e nenas entran pola porta da escola falando galego e saen falando castelán. Esa é a súa liberdade lingüística.

### **Décimo obxectivo estratéxico: Defensa da democracia**

Temos unha democracia de baixa calidade na que os poderes económicos fan e desfán sen presentarse as eleccións. Unha democracia de baixa calidade porque ten *vampirizada* a TVG. Unha democracia de baixa calidade porque usa a súa maioría absoluta de xeito absolutista para amordazar este Parlamento.

Unha democracia de baixa calidade trufada de abusos bancarios, portas xiratorias e fraude fiscal no que o Emérito fugado simboliza como poucos que neste Estado non todos somos iguais ante a lei, nin a xustiza é igual para todos. Temos que acabar con isto se queremos unha democracia plena da que podamos sentirnos orgullosos e orgullosas.

### **Galiza, un gran País**

Estas son proposta estratéxicas do BNG para **pensar Galiza en grande**, porque señor Feijóo, pese ao balance dos seus doce anos de des-goberno, de des-construción e de demolición do País, no BNG somos optimistas.

Si, somos optimistas co futuro de Galiza, optimistas tanto da intelixencia como da vontade, optimistas irredentas co futuro de Galiza. Porque Galiza é un gran País, con potencial, con riqueza e, sobre todo, con xente honesta, talentosa e traballadora.

Cada día en cada lugar, miles de galegos e galegas levantan as persianas para sacar adiante os seus negocios, contra vento e marea.

Cada día as familias, -pais e nais-, afrontan o reto de conciliar vida persoal e laboral, o reto de sacar adiante aos seus fillos e fillas. Sen renderse.

Cada día coñecemos pequenas e medianas empresas que son punteiras na súa área, que asombran cos seus proxectos pioneiros e vangardistas, referentes no mundo.

Cada día temos exemplos do talento creativo da nosa xente da cultura, en todos os eidos, sen renderse ante as montañas que teñan que subir ou os desertos que teñan que cruzar.

Cada día, en cada aldea, en cada pequeno pobo do rural ou da costa, vemos exemplos en defensa desa maneira de vivir e de habitar o territorio. Son a resistencia contra o abandono e o despoboamento.

Cada día, en cada vila, en cada cidade, a nosa mocidade dá exemplo da súa capacidade para emprender, para buscarse a vida, para encontrar alternativas que lle permita medrar aquí.

Cada día, miles de traballadoras e traballadoras demostran que temos un tecido produtivo de primeiro nivel, que temos riqueza para ser referentes no sector agrario, na pesca, na industria. Con marcas que teñen presenza en todo o planeta.

Cada día podemos ver a solidariedade, a coraxe, a xenerosidade e o empuxe dunha cidadanía viva e activa, comprometida, que foi un exemplo nesta pandemia.

Cada día podemos ver as ganas de construír un futuro sostíbel, desde a ciencia e o coñecemento, que emana das universidades, das empresas, da sociedade.

Por todo isto, e moito máis, **Galiza é un gran País e non se merece un presidente que pensa e actúa en pequeno.** Desde o BNG queremos construír unha nova Galiza, unha Galiza en grande. E nese empeño seguiremos traballando, desde o optimismo da intelixencia e da vontade, man a man, cos galegos e as galegas.